

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 23 DE XUÑO DE 2011.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,05 horas do día 23 de xuño de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

NON ASISTE:

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA, Interventora do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

3º) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2010.

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 17 de xuño de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 22 de xuño de 2011, que transcrita di:

Resultando que con data 26 de maio asinouse o contrato de xestión do servizo público de piscina cuberta climatizada de Brión mediante concesión en virtude do acordo de adxudicación da Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, de data 18 de maio de 2011.

Resultando preciso aprobar a ordenanza reguladora da taxa para que poida xestionarse correctamente o servizo polo concesionario.

Visto o expediente tramitado e o informe de Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión, que de seguido se transcribe:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 141 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 38 do citado RD Lexislativo 2/2004.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da presente taxa:

a) A utilización dos diversos servizos que se prestan no complexo da piscina cuberta municipal de Brión.

b) A utilización das instalacións e bens municipais adicados, especificamente, á prestación de ditos servizos.

Artigo 3º.-Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria e 23 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, os usuarios que utilicen e se beneficien dos servizos, instalacións e actividades que se presten no complexo da piscina cuberta municipal.

Artigo 4º.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das Entidades recollidas no artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias da Entidade.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades, e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

1. A cota da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, para cada un dos distintos servizos ou actividades.

2. Establecéñse as seguintes tarifas:

1. COTA DE ENTRADA: (MATRÍCULA):

-. Individual: 20,37 euros/ano.

-. Familiar: 25,93 euros/ano.

-. Reducido o social (menores de 18 anos, maiores de 65 e colectivos desfavorecidos): 15,74 euros/ano.

2. ABONADOS:

-. Abonado individual: 20,37 euros/mes.

-. Abonado familiar (indep. nº de fillos): 25,93 euros/mes.

-. Abonado reducido o social (menores de 18 anos, maiores de 65 e colectivos desfavorecidos): 15,74 euros/mes.

3. NON ABONADOS:

-. Entrada individual adulto piscina : 3,52 euros.

-. Entrada individual reducida o social (menores de 18 anos, maiores de 65 e colectivos desfavorecidos): 2,50 euros.

O período de duración da entrada é de 1 hora e 30 minutos.

4. PADEL

- Padel horario valle: 1,85 euros/persoa

- Padel horario punta: 2,78 euros/persoa

Valle: de luns a venres ata as 18:00 horas.

Punta: Resto das horas e fin de semana e festivos.

5. ACTIVIDADES ACUÁTICAS:

A.- CURSOS DE NATACIÓN PISCINA (pago suplemento mes por unha sesión á semana):

- Iniciación: 9,26 euros.

- Perfeccionamento: 13,89 euros.

- Cursos do programa de natación escolar: 5,56 euros/mes (cursos do programa de natación escolar en horario escolar, non é necesario ser abonado).

B.- CURSOS DE NATACIÓN BEBÉS: 18,52 euros, (pago suplemento mes).

C.- AQUAEROBIC: 4,63 euros.

6. OUTRAS ACTIVIDADES

- Sesión de Spinning : 4,63 euros.

7. OUTRAS TARIFAS

- Devolución de recibos: 1,85 euros (por cada recibo devolto)

- Mal uso ou extravío da tarxeta de identificación: 2,78 euros.

NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS ANTERIORES:

a) A condición de abonado adquirese tralo pagamento da cota tributaria correspondente. O abonado ten dereito á utilización da piscina, zona relax, e ximnasio durante todo o horario de funcionamento da instalación.

b) Enténdese por abonado familiar o responsable da unidade familiar que pode incluír o cónxuxe ou persona vinculada por análoga relación afectiva (que deberá ser acreditada mediante inscrición da mesma no correspondente rexistro público) así como os fillos menores de 18 anos e que fan uso das instalacións sen limitación horaria nen de días. Os fillos/as ao cumprir os 18 anos deberán inscribirse nunha das categorías individuais, sen ter que abonar cota de entrada.

c) Enténdese por abonado da terceira idade, unha persona de 65 ou máis anos.

d) Enténdese por usuario con minusvalía, aquel que presente unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, segundo certificado expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia e que se engloba dentro do concepto amplo de “ colectivo desfavorecido”.

e) A inclusión dunha persona no epígrafe “colectivo desfavorecido” esixirá informe favorable dos Servizos Sociais do Concello. Sen perxuízo do anterior, entenderanse incluídos en todo caso neste epígrafe os parados de longa duración, que deberán acreditar mensualmente non ter causado baixa nos rexistros correspondentes dos servizos de emprego competentes.

f) No caso de devolución de recibos o interesado deberá abonar uns gastos de 1,85 euros e no caso de perda do carné deberá abonar uns gastos de 2,78 euros, en concepto de costes asociados á devolución e perda respectivamente

g) O concesionario repercutirá aos usuarios o importe do IVE correspondente.

Artigo 6º.- Bonificacións

a) As tarifas fixadas para os cursos de iniciación e perfeccionamento terán para os abonados unha redución do 30 % fronte aos non abonados.

b) As tarifas fixadas para cursos de natación de bebés terán para os abonados unha redución do 30 % fronte aos non abonados.

Artigo 7º.- Período impositivo e devengo

O período impositivo coincidirá, nos abonados á piscina municipal, co mes natural.

A tarifa devengarase o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles. No obstante, as altas de usuarios que se produzan a partir do día 16 , poderanse fraccionar nun 50%.

A tarifa 1 “ Cota de entrada (Matrícula)”, independentemente da data en que se produza á alta, non poderá ser fraccionada.

As tarifas que deban satisfacer os non abonados á piscina municipal devengaránse instantáneamente no momento da entrada ao recinto da piscina municipal, entendéndose que, cando a persona usuaria se ausente do recinto, finaliza o dereito a facer uso de ditos servizos, de tal modo que, de volver a desexar utilizar os mesmos, sería necesario o abono da nova taxa de entrada.

O período impositivo, nos cursos impartidos na piscina municipal, coincidirá co período de desenvolvemento do curso, devengándose a tarifa o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles por dito período.

Artigo 8º.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estaráse ó disposto ao respecto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións ditadas para o seu desenrolo.

Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo Pleno do Concello de Brión, entrará en vigor e será de aplicación o mesmo día da súa publicación no BOP, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que debían ser datos non tan estimativos, deberían ser máis reais, que cando vin o expediente chamoume a atención os informes de Intervención porque viña na prensa que había notas de disconformidade e que figuran asinados días despois de publicarse no xornal a noticia e non desfavorables; engade que se o horario vai ser peor que en Bertamiráns os prezos deberían ser mellores, que debemos atraer aos veciños de Brión que van a Bertamiráns reducíndolle os prezos da ordenanza.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non poño problemas ao tema das tarifas, que non puiden vir ás comisións informativas e que son os previstos.

O Sr. Alcalde sinala que estamos todos no seu papel, que os prezos son estimativos porque aínda non está funcionando e son practicamente iguais aos de Bertamiráns e que nunca houbo ningún informe desfavorable de Intervención, que son os prezos do contrato adxudicado, que abrirá o día 1 de agosto e ata o 15 será de portas abertas e comezan o 1 de agosto o curso para rapaces de Brión que será gratuito, e respecto dos horarios dicir que son os recomendados pola experiencia que teñen traballando noutras piscinas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta da Alcaldía ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e Mixto (1)(BNG).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Abstencións:0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 17 de xuño de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 22 de xuño de 2011, que transcrita di:

Por este Concello adxudicouse recentemente o contrato de xestión do servizo público de piscina cuberta municipal de Brión, mediante concesión e polo prazo de dez anos.

Resultando necesario establecer unha normativa que regule o funcionamento interno deste establecemento de titularidade municipal co fin de desenvolver dun xeito correcto a forma de prestación do servizo e confeccionado o regulamento, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o regulamento de réxime interno da piscina cuberta municipal de Brión, cuxo texto é o seguinte:

"" REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DE BRIÓN.

1. Obxecto do regulamento.

2. Regulamento Administrativo.

2.1. Dos tipos de usuarios. Servizos aos que poden acceder e modalidades de cotas.

2.1.1. Socios/abonados.

2.1.2. Cursillistas.

2.1.3. Usuarios por libre.

2.1.3.1. Por entradas.

2.1.3.2. Por reservas.

2.1.4. Clubs, asociacións e centros educativos.

2.2. Das relacións cos usuarios. Altas, baixas e follas de reclamacións e suxestións.

2.2.1. Alta no servizo.

2.2.2. Baixas.

2.2.3. Follas de reclamacións e suxestións.

2.3. Das taxas/prezos públicos e matrícula.

2.4. Formas de pago, devolucións de recibos e período de compromiso.

- 2.4.1. Formas de pago.
 - 2.4.2. Devolucións de recibos.
 - 2.4.3. Período de compromiso.
 - 2.5. Cobertura de accidentes.
 - 2.6. Custodia de valores.
- 3. Dereitos e deberes dos usuarios.
 - 3.1. Dereitos.
 - 3.1.1. Dereito á información.
 - 3.1.2. Dereito ao uso e goce das instalacións.
 - 3.1.3. Dereito á protección de datos persoais.
 - 3.1.4. Dereito a opinar e reclamar.
 - 3.2. Deberes dos usuarios.
- 4. Dereitos e deberes da empresa concesionaria respecto dos usuarios.
 - 4.1. Dereitos.
 - 4.2. Deberes.
- 5. Regulamento de uso das instalacións.
 - 5.1. Horarios da instalación e peches.
 - 5.1.1. Horarios.
 - 5.1.2. Peches.
 - 5.2. Limitación do número de usuarios e abonados.
 - 5.3. Normativa.
 - 5.3.1. Normativa xeral.
 - 5.3.2. Normativa de vestiarios.
 - 5.3.3. Normativa de Baños de Calor.
 - 5.3.4. Normativa de piscinas.
 - 5.3.5. Normativa de Salas de cardiovascular, musculación, workcicle...
 - 5.3.6. Normativa de actividades e cursos
 - 5.3.7. Normativa para Clubs, Federacións, colectivos, etc.
 - 5.3.8. Normativa de aluguer.
- 6. Regulamento sancionador.

1. OBXECTO DO REGULAMENTO.

É obxecto do presente Regulamento regular o funcionamento, uso e goce da piscina municipal cuberta climatizada de Brión.

Ditas instalacións foron creadas para fomentar o deporte e a educación física e procurar o desenvolvemento integral da persoa, e a fin de obter o mellor funcionamento e a maior economía para o municipio.

O presente servizo prestarase polo sistema de xestión indirecta, mediante concesión administrativa pública, ata que se acorde pola Corporación o cambio en dita forma de xestión.

O presente Regulamento terá por obxecto facilitar ao usuario/a que cumpra os requisitos establecidos na normativa de acceso ás instalacións e determinar a que servizos ten dereito.

No non previsto no presente Regulamento Regulador do Servizo rexerá o disposto en:

- Regulamento sanitario das piscinas de uso colectivo da comunidade autónoma de Galicia.

E naqueloutras normas aprobadas polo concello:

- Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- A ordenanza municipal correspondente.

Calquera modificación respecto da presente normativa, será comunicada aos usuarios coa suficiente antelación.

2. REGULAMENTO ADMINISTRATIVO.

Antes de explicar os procesos administrativos faise necesario definir os tipos de usuarios, xa que así será mais sinxelo poder entender os diferentes tipos de procesos administrativos que se aplica a cada tipo de usuario.

2.1. Dos tipos de usuarios. Servizos aos que poden acceder e modalidades de cotas.

Distínguense as seguintes categorías entre as persoas e entidades que teñen acceso ás instalacións deportivas:

2.1.1. Socios/abonados.

- Servizos. O usuario que se inscribe nesta modalidade disporá dos seguintes servizos:
 - Libre acceso á totalidade das instalacións e servizos (salvo padel e tenis) dentro dos horarios e nos días en que as mesmas estean abertas ao público. Para iso deberá presentar o carné e satisfacer a tarifa vixente en cada momento.
 - Elixir as actividades deportivas nas que desexa participar recibindo nelas os adecuados ensinamentos (sempre que existan prazas libres e dispoña do nivel adecuado nas de tipo formativo).
 - Prezos máis asequibles nos distintos cursos e actividades ofertadas.
 - Poder acceder a certas actividades de forma gratuíta.
 - Poder realizar as reservas cunha semana de antelación.
- Cotas. As cotas de abonado serán:
 - Abono familiar: pais e fillos ata os 17 anos (inclusive)
 - Abono individual: de 18 anos en diante.
 - Abono reducido o social: para menores de 18, maiores de 65, xubilados, pensionistas e discapacitados con rendas inferiores a 15.000 euros brutos ao ano.

2.1.2. Cursillistas.

Persoas, que sendo abonadas (ou non), inscríbense a unha actividade dirixida por un monitor.

- Servizos
 - Acceso á actividade no horario e os días sinalados. Devandito acceso realizarase 15 minutos antes de empezar a actividade e a hora de saída será 15 minutos despois de finalizala.

- Formación, corrección, supervisión e seguimento por parte do monitor.
- Cotas. Existen múltiples tipos de cotas e actividades; o seu prezo vén determinado por:
 - Os días semanais da actividade.
 - tipo de persoas ás que van dirixidas.
 - tipo de actividade.

2.1.3. Usuarios por libre.

Son aquelas persoas que acceden á instalación abonando unha entrada diaria ou reservando un espazo.

Como xustificante do abono do prezo seralle entregado o ticket que lle faculta para acceder ao deporte solicitado, cuxa exhibición poderá ser requirida por calquera empregado/a das instalacións deportivas en calquera momento.

2.1.3.1. Uso libre por entradas.

- **Servizos.** Utilizar libremente o espazo para o que pagaron a cota (xa sexa piscina ou ximnasio) ademais dos vestiarios e da sauna. O período de duración da entrada é de 1 hora e 30 minutos.
- **Cotas.** O prezo das entradas vén determinado polo tipo de persoas ás que van dirixidas.

2.1.3.2. Uso libre por reserva.

- **Servizos.** Utilizar libremente o espazo para o que pagaron a cota polo tempo que contrataron, ademais dos vestiarios.
As reservas para as persoas non abonadas só se poderán realizar con 24 horas de antelación.
- **Cotas.** O prezo das reservas vén determinado polo espazo a reservar e o tipo de usuario.

2.1.4. Clubs, asociacións e centros educativos.

Son aqueles colectivos que teñen reservada unha instalación un día e hora determinados, e que acceden á mesma no momento da reserva efectuada.

Os servizos de que dispoñan virán determinados pola actividade que vaian realizar e as súas cotas determinaranse mediante acordo, por escrito, entre a empresa concesionaria e devandito colectivo, co conforme do Concello.

Accederán todos os usuarios simultaneamente e baixo control da persoa encargada que será a responsable ante a empresa concesionaria.

2.2. DAS RELACIÓNS COS USUARIOS.

2.2.1. Requisitos para o alta no servizo.

Será requisito indispensable para o uso dos servizos polos usuarios, a subscripción do correspondente contrato entre a empresa concesionaria e o solicitante, salvo as excepcións recollidas no PCAP, e no presente regulamento. O contrato será realizado nas oficinas da empresa concesionaria, mediante impresos que esta facilitará, estendendo unha copia do mesmo ao abonado e conservando a empresa concesionaria o orixinal a disposición do Concello. Non se poderá utilizar o servizo, se previamente non se formalizou o correspondente contrato.

No momento da inscrición, o usuario facilitará a seguinte documentación:

- DNI (orixinal para comprobar a identidade do que realiza a inscrición).
- Libro de Familia para os abonos familiares -inclúense nos mesmos os fillos menores de 18 anos- (orixinal e copia para a administración).
- Parellas de feito: certificado de parella de feito (orixinal e copia).
- Para os abonos/cursos con situación especial (xubilados, nenos, discapacitados, etc.) acreditarán dita situación a través da documentación fehaciente en cada caso (orixinal e copia).

Cubrirán unha ficha de inscrición cos seus datos persoais e os da súa familia (no caso dos abonos familiares) ademais do número de conta para a domiciliación dos recibos.

A empresa incorporará os datos da devandita folla a un ficheiro automatizado, creando unha ficha por cada persoa, sendo a empresa concesionaria a responsable do cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Ao final do proceso entregarase un carné persoal e intransferible a cada persoa inscrita (tanto a abonados como cursillistas) que deberá ser pasado polo sistema de control de accesos cada vez que se accede ás instalacións.

- Persoas que acceden a través de reservas.

Deberá presentar o D.N.I. e crearáselles unha ficha coa finalidade de que, tanto os seus datos como a reserva, queden rexistrados no programa informático. Non se lles dará carné.

- Persoas que acceden a través de entrada e/ou como colectivos.

Deberá presentar o D.N.I. e crearáselles unha ficha coa finalidade de que, tanto os seus datos como a reserva, queden rexistrados no programa informático. Non se lles dará carné.

No caso das entradas os requisitos son:

- Presentar o D.N.I.
- Os menores de idade e xubilados deberán xustificar a súa situación cos documentos correspondentes. Os menores de idade que non teñan unha autorización paterna asinada non poderán acceder á instalación. As persoas que accedan na modalidade de colectivo farano todos xuntos simultaneamente e baixo control da persoa encargada que será a responsable ante a empresa concesionaria.

2.2.2. Baixas.

Tanto as baixas en curso como de abonado realizaranse por escrito na recepción da instalación antes do día 20 do mes en que finaliza o contrato; en caso de estar pechada a instalación pasarase ao día seguinte. De non facelo o servizo renovarase automaticamente salvo que este conclúa (fin de tempada nos cursos). Só se admitirán baixas anticipadas cando queden debidamente xustificadas (enfermidade, motivos laborais).

O/a abonado/a que fose dado de baixa por falta de pagamento de cotas e noutra ocasión desexase volver ser abonado/a, deberá pagar todas as cotas impagadas desde que se lle dea a baixa ata a data na que se lle inscriba de novo máis unha cota de reinscripción. En ambos os casos, a nova alta efectuarase se estivese aberta a inscrición.

2.2.3. Follas de reclamacións e suxestións.

No recinto das instalacións existirán dous tipos de follas de reclamacións:

- Folla de reclamacións/suxestións interna.

É o modelo da empresa no que o usuario realizará as reclamacións relativas a cuestións menores e exporá as suxestións que crea oportunas.

- Folla de reclamacións de consumo.

Formulario oficial, debidamente dilixenciado polo organismo competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

O concesionario comprométese a contestar no prazo dunha semana, todas e cada unha das reclamacións ou consultas que se formulen tanto nas instalacións deportivas municipais como nas dependencias do órgano de contratación, así como a notificar nun prazo máximo dunha semana ao órgano de contratación, a existencia de tal reclamación, enviando a oportuna copia da mesma, mediante escrito dirixido ao funcionario correspondente, presentado no rexistro.

Ditas follas atoparanse a disposición dos usuarios, indicando tal existencia en lugares visibles, especialmente na zona de recepción e na zona dos servizos de administración das correspondentes oficinas e, en todo caso, nas oficinas de atención aos usuarios descritas no Prego que rexe o contrato concesional.

2.3. DAS TAXAS/PREZOS PÚBLICOS E MATRÍCULA.

Os abonado/as satisfarán as cotas que fosen fixadas pola empresa concesionaria e aprobadas polo Concello de acordo coa oferta presentada, todo iso de acordo co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

A revisión das devanditas taxas realizarase consonte co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

A matrícula pagarase ao darse de alta (xa sexa mediante abono ou curso) tanto usuarios novos como antigos que se deron de baixa.

2.4. FORMAS DE PAGO, DEVOLUCIÓN DE RECIBOS E PERÍODO DE COMPROMISO.

2.4.1. Formas de pago.

- Entradas e reservas. Aboaranse en efectivo.
- Abonos e cotas de curso. No momento da inscrición aboaranse en efectivo as cotas ás que se inscribiu o usuario, e as débedas pendentes en caso de habelas. Os recibos seguintes se domiciliarán. Dita domiciliación realizarase os últimos días do mes anterior ao período de pago. Ás altas nas cotas de abono a partir do día 16 faráselles un desconto do 50%.
- Cotas de colectivos. Farase a través de facturación directa desde dirección previo acordo por escrito (contrato).

- Cartón. A primeira vez non ten custo algún para o usuario; en caso de renovación por mal uso ou extravío non xustificable cobrarase un importe de 3 euros que virá determinado nas taxas.
- Comisión de devolución por recibo devolto.
- Matrícula: en efectivo. Unha cota anual non fraccionable.

2.4.2. Devolucións de recibos.

Os recibos devoltos enviaranse de novo ao cobro quince días despois, previo aviso ao usuario/a que non os atenda, e se non fosen pagos causarase a súa baixa automática como tal.

Os recibos devoltos terán unha comisión de 2 euros.

2.4.3. Período de compromiso.

- Abono. O concepto do abono é anual (12 meses) aínda que o pago se fracciona mes a mes.

Devandito compromiso considerárase prorrogado por prazo igual ao primitivo, se por escrito e antes do día 20 do mes en que finaliza o contrato, o usuario non manifesta a súa vontade de rescindilo. Con todo, se á terminación do prazo do contrato existise algunha nova que modificase en todo ou en parte a que estivera en vigor, o abonado deberá subscribir unha nova inscrición que estea oficialmente aprobada, quedando extinguido o antigo contrato, e de negarse á sinatura de devandito novo contrato, a empresa concesionaria., previa autorización, poderá anular o abono.

Dentro do prezo do abono están incluídos os peches que aparecen detallados no regulamento de uso.

- Curso. Existen dúas modalidades de cursos.
 - Cursos formativos de inverno (setembro a xuño). O compromiso para as actividades formativas é polo devandito período. Só se admitirán baixas anticipadas cando queden debidamente xustificadas (enfermidade, motivos laborais).
 - Cursos formativos de verán ou cursos non formativos. O compromiso é mensual.

2.5. COBERTURA DE ACCIDENTES.

A empresa concesionaria dispón dun seguro que cobre a responsabilidade civil derivada da súa actividade.

2.6. CUSTODIA DE VALORES.

En caso de dispor dun servizo de custodia de valores, os usuarios poderán deixar os seus obxectos de valor no devandito servizo.

3. DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS.

3.1. DEREITOS.

3.1.1. Dereito á información.

Toda persoa que entra na instalación, xa sexa para inscribirse ou non, ten dereito a:

- Recibir información completa sobre as prestacións dos servizos e posibles incidencias. En concreto:

- Horario da instalación.
 - Períodos de peche.
 - Táboa de prezos e condicións de uso.
 - Aforamentos.
 - Anuncios de posibles cambios de horario, tipos de cotas e condicións de uso.
 - Anuncios de incidencias ou supresións de servizo.
 - Convocatoria de cursos e actividades puntuais.
- Ser atendidos con trato correcto e adecuado naquelas peticións de información e axuda, nas condicións de dilixencia e rapidez adecuadas.

Respecto das persoas inscritas, a empresa concesionaria atenderá aos usuarios/as nas súas consultas sobre recibos, carnés, abonos temporais, etc., todos os días laborables no lugar onde estean fixadas as súas oficinas. Esta circunstancia deberá figurar en lugar visible en todas as dependencias da instalación deportiva.

3.1.2. Dereito ao uso das instalacións.

Teñen dereito a acceder e usar as instalacións deportivas, para o fin que lle son propias, todas as persoas, asociacións deportivas, clubs legalmente constituídos e centros educativos co fin de practicar algún dos deportes contemplados no recinto, fomentar a educación física sempre que abonen as tarifas establecidas polo Concello e dean cumprimento á normativa contida neste Regulamento.

Con independencia do anteriormente expresado, haberase de ter en conta que en ningún caso permitirase a entrada dun número de usuarios superior ao aforamento máximo permitido.

No caso de que se impida o acceso ao recinto das instalacións a algunha persoa, devandito impedimento será razoado e motivado, cabendo os recursos que no seu caso procedan, segundo a lexislación vixente.

O acceso ás gradas será regulado pola empresa concesionaria.

3.1.3. Dereito á protección de datos persoais.

A efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a empresa concesionaria comprométese a respectar a confidencialidade dos datos e a utilízalos de acordo á súa finalidade.

3.1.4. Dereito a opinar e reclamar.

O usuario terá dereito a suxerir calquera proposta ou formulación que considere oportuno debendo recibir por parte da empresa concesionaria contestación ás devanditas suxestións.

O usuario poderá reclamar en todo momento, con máis motivo se cabe cando considere que o servizo non se axusta ao pactado.

No caso de desaxuste de horarios nos cursos (motivado pola empresa concesionaria e fóra das causas admitidas polo regulamento), o usuario poderá optar por (coordinado polo persoal adscrito ás instalacións):

- Recuperar a sesión noutro horario.
- Prorrogar a súa hora ata a seguinte programada (mesmo no caso de competicións oficiais).
- Solicitar a devolución da parte proporcional da cota, mediante a presentación do oportuno recibo.

3.2. DEBERES DOS USUARIOS.

- Respetar a normativa de uso das instalacións.
- Abonar as cotas nos períodos establecidos para iso.
- Avisar á empresa concesionaria de calquera cambio nos seus datos que poidan afectar ao tipo de cota (idade, situación familiar....). No caso de que a empresa detecte unha irregularidade o usuario verase obrigado a pagar os atrasos desde o cambio da súa situación.
- A inscrición en calquera actividade implica a aceptación do sistema de funcionamento utilizado pola empresa concesionaria.
- Identificarse sempre e cando o solicite a empresa concesionaria (dentro da instalación deportiva).

4. DEREITOS E DEBERES DA EMPRESA CONCESIONARIA.

4.1. DEREITOS.

- A organización, estrutura, e desenvolvemento das actividades é competencia da empresa concesionaria, a cal estará supervisada pola Comisión de Seguimento e Control do Servizo.
- A empresa concesionaria deberá pór en marcha e supervisar un ficheiro de usuarios, coa finalidade de manter as óptimas relacións comerciais, sempre que así o acepte o usuario, de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e revestirá carácter confidencial.

4.2. DEBERES.

- O concesionario deberá dispor dos medios persoais necesarios para a perfecta vixilancia da instalación e control de acceso. Polo menos disporase, sempre que a instalación estea aberta dunha persoa de control de acceso. En todo caso o acceso ás instalacións realizarase a través de medios informáticos.
- A empresa concesionaria deberá garantir, de forma permanente, a viabilidade de uso das instalacións, salvo interrupcións ocasionadas por causas de forza maior (obras de ampliación, renovación e mellora), avarías e necesidades de servizo.
- Nos casos en que se produza a interrupción do servizo, a empresa concesionaria deberá procurar, en todo momento, reducir ao máximo o tempo de duración daquela, achegando os medios humanos e materiais necesarios para o seu restablecemento, aos efectos de causar o mínimo trastorno aos usuarios.
- A empresa concesionaria é a responsable do mantemento da orde no interior do recinto, así como de que se cumpran as normas contidas no presente Regulamento e demais disposicións aplicables. Para iso contará coa colaboración da Policía Local.
- Manterá en todo momento as condicións de seguridade e saúde das instalacións, limpeza e adecentamento que corresponda.
- Deberá comunicar aos usuarios, calquera anomalía que afecte o servizo.
- Manterá un trato correcto e educado en todo momento.
- Disporá de follas ou libro de reclamacións, debidamente dilixenciado polo organismo competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. REGULAMENTO DE USO.

5.1. HORARIOS DA INSTALACIÓN E DATAS DE PECHE.

5.1.1. Horarios.

A instalación terá dous tipos de horarios:

- Inverno. Do 1 de Setembro ao 30 de Xuño.
- Verán. Do 1 de Xullo ao 31 de Agosto.

O horario de apertura en cada tipo será o proposto pola empresa concesionaria no procedemento aberto, en base ao marcado como mínimo polo Concello no prego:

- Inverno:

- De luns a venres: de 7,30 a 12,00 e de 16,30 a 22,00 horas.

- Sábados: de 9,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00 horas.

- Domingos e festivos: de 9,00 a 14,00 horas.

- Verán:

- De luns a venres: de 7,30 a 12,00 e de 18,30 a 22,00 horas.

- Sábados: de 9,00 a 14,00 e de 17,00 a 20,00 horas.

- Domingos e festivos: de 9,00 a 14,00 horas.

Os devanditos horarios poderán ser modificados previa xustificación e aprobación por parte do Concello. Os usuarios deberán ser informados en tempo e forma das devanditas variacións.

Os horarios deberán estar expostos de forma visible á entrada da instalación.

5.1.2. Peches.

- A instalación permanecerá pechada os días festivos locais, o 25 de decembro e 1 e 6 de xaneiro.
- Os días 24, 31 de decembro e 5 de xaneiro, a instalación só abrirá ata as 15:00 horas.
- A piscina municipal permanecerá pechada ao público durante os días naturais que resulten necesarios ao ano para realizar as labores de limpeza xeral (preferentemente nos meses de menor ocupación da piscina), desinfección e desinsectación con produtos autorizados, ou cantas veces sexan requiridas ditas labores polas autoridades sanitarias nos termos previstos no Decreto 103/2005, de 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Poderase pechar parcialmente ou impedir o acceso a determinadas instalacións por esixencias técnicas.

En todo caso, a empresa concesionaria (coa aprobación da Comisión de Seguimento e Control) resérvase o dereito de pechar temporalmente as instalacións, sen dereito a indemnización, por limpeza ou programacións propias como competicións, partidos, cursos ou outros eventos que estime oportunos, para o que deberá informar, con carácter previo, a cada un dos usuarios afectados, procurando non interferir nas actividades xa iniciadas. Tratarase de ter, en todo momento, un plan de actividades deportivas previsto cada ano e aprobado pola Comisión de Seguimento.

5.2. LIMITACIÓN DO NÚMERO DE USUARIOS E ABONADOS.

En caso de alcanzar o aforamento máximo ou prever alcanzalo a empresa concesionaria poderá limitar o acceso á instalación. Dita limitación penalizará principalmente aos usuarios que queiran acceder mediante o pago dunha entrada, xa que o resto de usuarios posibles (abonados e cursillistas) atópanse en activo e pagaron a cota correspondente.

A empresa concesionaria resérvase o dereito de limitar o número de abonado/as, previa comunicación por parte da empresa concesionaria ao Concello e a oportuna aprobación deste.

5.3. Normativa de uso.

A continuación se especifican todas aquelas normas que regulan o funcionamento dentro da piscina climatizada de Brión.

5.3.1. Normativa xeral.

Antes de sinalar as normas, fanse unha serie de recomendacións que todos os usuarios deberían seguir:

- . Recómendase a todos os usuarios que utilicen a vestimenta e calzado adecuado, así como toalla en todos os equipamentos, actividades e espazos.
- . É recomendable hidratarse antes, durante e despois do exercicio.
- . Antes de empezar a actividade é necesario un bo quentamento. Para evitar lesións, dores musculares....
- . Recómendase non utilizar xoias, aneis, cadeas, etc.
- . Respecta os protocolos de uso que se recomenden.

Normas.

Antes de realizar calquera tipo de actividade física, o usuario cumprimentará un cuestionario sobre o seu estado de saúde e será informado por escrito sobre as actividades contraindicadas en cada caso. Os técnicos deportivos poderán solicitar un certificado médico a aqueles clientes considerados "de risco".

Non está permitida a entrada ás instalacións, ás persoas que padezan enfermidades infecciosas ou contaxiosas, especialmente afeccións cutáneas sospeitosas.

Con independencia do anteriormente expresado, haberase de ter en conta que, en ningún caso permitirase a entrada nos distintos espazos deportivos, de número de usuarios superior ao aforamento máximo permitido.

Non se permite o acceso ao recinto con animais, excepto cans guía. Así mesmo queda prohibida a entrada de mesas, cadeiras, coches de nenos e similares, os cales, no seu caso, quedarán á entrada do recinto, no seu lugar destinado polo Concello para iso.

O acceso a menores virá determinado pola normativa específica de cada espazo e/ou actividade.

Non se permite fumar nin comer en todo o recinto deportivo.

Non se permite facer fotos ou gravacións no interior da instalación sen a autorización expresa da dirección do centro.

Deberanse usar as instalacións e servizos cun bo trato e coidado correcto. Os/as usuarios/as axudarán a manter a instalación limpas, colaborando cos empregados, utilizando as papeleiras repartidas por todas as zonas da instalación.

Deberanse usar as instalacións para o que especificamente están creadas.

Deberase gardar o debido respecto aos demais usuario/as, observando a compostura necesaria para a boa convivencia.

Deberanse aboar puntualmente as cotas establecidas, así como a reserva de horarios, previamente concedida.

Só se poderá utilizar a instalación deportiva unicamente naqueles servizos contratados.

Non se poderá introducir nas instalacións deportivas elementos ou obxectos que poidan causar lesión, deteriorar os equipamentos ou turbar a tranquilidade dos usuarios.

Deberanse evitar comportamentos que impliquen perigo ou risco para a integridade dos usuarios.

Evitarase calquera actitude antihixiénica.

A filosofía do servizo baséase nunha actividade física para a saúde e o benestar, polo tanto non está permitido recomendar, facilitar, vender ou consumir sustancias dopantes.

Non se poderá facer uso privativo das instalacións, que son servizos comunitarios. Deberanse respectar os horarios de funcionamento da instalación. Non se poderá permanecer nas instalacións, despois do peche, sen estar autorizado.

Deberanse acatar e cumprir cantas normas e instrucións dite a empresa concesionaria por si ou a través do persoal das instalacións.

Os obxectos que se extravíen polos/las usuarios/as e sexan localizados por algunha persoa, deberán ser entregados ao encargado/a das instalacións, quen o fará así saber aos/as usuarios/as polos medios oportunos, para que se recobre por quen acredite ser o seu titular. Se transcorrido un mes non se reclamou o obxecto extraviado a empresa que xestiona as instalacións disporá libremente do mesmo.

5.3.2. Normativa de vestiarios.

O uso de vestiarios está destinado para aboados e non aboados. Existen cabinas nos vestiarios para o uso exclusivo de discapacitados e pais/nais con fillos/fillas maiores de 6 anos. Só os nenos menores de 6 anos poderanse cambiar no vestiario de distinto sexo.

Non se permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian facer uso das instalacións, con excepción dos acompañantes dos cursillistas que, pola súa idade ou condicións, non sexan capaces de desvestirse nin vestirse con autonomía.

Nas zonas húmidas utilizarase calzado de baño; devandito calzado utilizarase única e exclusivamente para esa finalidade.

Tras a ducha débese secar na zona de secado. Escorrer a roupa de baño para evitar mollar a zona seca do vestiario.

Non se utilizará os lavamáns para enxaugar bañadores, zapatillas, etc.

Por motivos de hixiene non se permite tinguirse, afeitarse nin depilarse.

Non se poderá malgastar a auga e deberase facer un correcto uso das papeleiras.

Evitarase subir aos bancos para cambiarse.

O/a usuario/a deberá gardar a debida compostura e decencia, tanto nos vestiarios como na práctica de actividades deportivas. Non está permitido gritar, correr nos corredores e en xeral toda actividade que poida molestar aos demais usuarios/as.

Non está permitido deixar os bolsos nin a roupa fóra das taquillas xa que ocupan o espazo destinado a cambiarse.

As taquillas funcionan mediante o depósito dunha moeda ou candado, que lle será devolta ao fin do uso da mesma.

Os/as usuarios/as das taquillas serán igualmente responsables da custodia da chave do mesmo, debendo aboar ao adxudicatario contratista tres Euros pola súa non reposición. Ditas chaves non poderán sacarse das instalacións deportivas.

A empresa concesionaria non se responsabiliza dos obxectos de valor ou diñeiro depositados nelas e exhorta aos/os usuarios/as a acudir ás instalacións sen os devanditos obxectos de valor.

Non se permitirá deixar ningún obxecto persoal nin utensilio de hixiene ou para realizar calquera actividade física dentro das taquillas despois de pechar a instalación. En caso contrario, os traballadores da instalación quedan autorizados para poder abrir e baleirar o despacho de billetes e gardar todo o atopado en obxectos perdidos; o seu contido gardarase durante unha semana. En caso de non ser reclamado actuarase segundo os criterios que a empresa concesionaria considere conveniente de acordo co valor do extraviado.

5.3.3. Normativa de baños de calor (sauna e vapor).

Non se permite o acceso a persoas con enfermidades cardiovasculares, hipotensión, embarazo,.... En caso de dúbida sobre a súa posible utilización consulte ao seu médico.

Non se debe utilizar este servizo máis de 10 minutos (5 as primeiras veces). Tampouco é recomendable utilizalo máis dunha vez á semana.

Por motivos de hixiene é necesario utilizar toalla e calzado de baño.

Polos mesmos motivos non se permite afeitarse nin depilarse, nin realizar calquera outra actividade relacionada coa hixiene persoal.

Non se permite o acceso a menores de 16 anos.

Non se pode verter ningún tipo de líquido no calefactor.

Respecta os protocolos de uso que se recomendan

5.3.4. Normativa de piscinas.

Normativa que regulará o seu uso:

Para utilizar as piscinas é necesario o uso de gorro, zapatillas (só nos accesos) e roupa de baño (bañador e/ou bikini deportivo).

É obrigatorio ducharse antes de entrar nas piscinas. Non está permitido o uso de xabóns ou produtos cosméticos nas duchas da piscina.

Na zona de augas non está permitida a realización de actividades que supoñan risco como: correr, saltar de cabeza, empuxar, apneas continuadas ou realizar xogos perigosos.

Os usuarios que non saiban nadar non poderán acceder á instalación salvo que se inscriban a un curso e soamente accederán no horario do mesmo.

Os menores de 6 anos, que non veñan a curso, só poderán acceder ás piscinas nos horarios detallados no programa de servizos e sempre en compañía dos seus pais ou titores.

Os nenos entre 6 e 14 anos que queiran vir por libre ás piscinas, só o poderán facer se demostran nadar con suficiencia e previo permiso asinado polos seus pais ou titores.

Deberanse respectar as zonas de entrada e saída das piscinas. Os usuarios comprobaran as diferentes profundidades do vaso da piscina antes de facer uso da mesma co fin de evitar accidentes.

Queda prohibido cruzar as rúas, agarrarse ou sentar nas corcheiras.

Sempre que utilice a rúa libre deberá facelo polo lado dereito da mesma.

Calquera usuario terá acceso ao uso do material de piscina colocándoo no seu lugar unha vez utilizado.

O uso de pas e aletas está restrinxido ao nivel de ocupación da piscina, polo que o socorrista será quen autorice en cada momento a posibilidade do seu uso, e nun espazo determinado.

Débese evitar o acceso ao vaso con chicles, apósitos, xa que sempre acaban quedando no fondo do mesmo.

5.3.5. Normativa de Salas de cardiovascular, musculación, workcicle...

Para acceder a esta sala é necesario traer consigo unha toalla, e por motivos de hixiene, utilízala en cada aparello.

Para acceder a esta sala é necesario traer calzado deportivo diferente ao da rúa e roupa para a práctica deportiva.

Deberase deixar libre o aparello durante os tempos de descanso.

Deberase colocar os pesos e barras no seu lugar unha vez utilizados.

Deberase secar a suor nos aparellos utilizados.

Por razóns de seguridade, non se permitirá realizar tarefas de asesoramento ou adestramento a outros socios dentro da instalación. Este labor compete ao técnico.

Non se permitirá a entrada con mochilas ou bolsos.

A ocupación máxima da sala de musculación será determinada polo técnico deportivo en cada momento e dependerá tanto do número de aparellos como das rotacións que devandito técnico programe. Existindo un cartel visible co aforamento máximo permitido.

Os menores de 16 anos non poderán acceder ás devanditas salas salvo aqueles que presenten un informe médico que así o indique e previa autorización dos seus pais ou titores. En todo caso este menor deberá apuntarse nun adestramento personalizado e acceder á instalación nos horarios en que se atope presente o monitor da sala.

5.3.6. Normativa de actividades/cursos.

A inscrición para cursos en activo con prazas libres é inmediata (salvo nas actividades formativas). O usuario deberá cubrir unha ficha (específica para cursos) coa finalidade de poder realizarlle un seguimento.

Nas actividades formativas realizarase unha proba de nivel que determinará a súa capacidade e en que horarios se pode inscribir.

O curso aboarase íntegro aínda que se empece a actividade co mes avanzado. Permitirase recuperar as clases perdidas (o departamento técnico informará de cando e como).

Permítese a opción de vir a quendas (mañá ou tarde) previa xustificación. Solicitarase en recepción e será o departamento técnico o que determine a viabilidade da devandita solicitude.

Os cambios de grupo/actividade solicitaranse por escrito en recepción para analizar a dispoñibilidade de prazas e será o equipo técnico o que decida a viabilidade do cambio. No caso das actividades formativas só se admitirán solicitudes para cambios dentro do mesmo nivel.

Nos cursos formativos, ao realizarse unha avaliación continua do nivel dos cursillistas, no momento en que o monitor considere o nivel superado, o equipo técnico comunicarllo ao interesado facilitándolle a incorporación ao seguinte nivel, en función da ocupación do mesmo.

Os cursos formativos de inverno teñen unha duración de Setembro a Xuño (coincidente cos meses de escolarización); as persoas inscritas neles adquiren un compromiso de permanencia para ese período; non obstante, por motivos xustificables (saúde, traslado, etc,..) poderase tramitar a baixa antes de finalizar o período de compromiso.

Os cursos formativos de verán e os non formativos teñen un compromiso mensual.

As baixas deberán solicitarse antes do día 20 de cada mes. En caso de estar pechada a instalación poderase facer o día seguinte.

A empresa concesionaria faise responsable do alumno menor de idade no momento en que o monitor o recolle e durante a duración do curso. Antes do inicio da actividade e despois de finalizar devandito curso a responsabilidade é dos pais/titores.

A idade mínima de incorporación ás actividades non formativas será de 16 anos. Os menores de idade terán que presentar autorización paterna asinada.

En calquera actividade, pódese facer unha clase de proba, solicitándoo en recepción.

Os días festivos non haberá clases e estas non serán recuperables.

Non se permitirá a entrada ao curso pasados 5 minutos do comezo do mesmo.

En caso de non asistir ao curso ao longo de tres sesións de forma inxustificada, será motivo para perder a praza no mesmo.

A adxudicación das prazas nas actividades será individual e por rigorosa orde de chegada.

A dirección non se responsabiliza das repercusións que se derivasen pola necesidade de cambio, ante o abandono do/a monitor/a dunha actividade ao longo do curso.

5.3.7. Normativa para Clubs, Federacións etc.

Ademais das normas xerais para os/as usuarios/as das instalacións, aos Clubs, Federacións, Agrupacións, Asociacións e Entidades seranlles aplicadas as seguintes normas.

Comunicacións á dirección. Para o bo coidado da instalación os/as integrantes dos equipos teñen a obriga de pór en coñecemento dos/as empregados/as todas as anomalías ou danos atopados, sendo de maior gravidade o non facelo cos producidos por eles/as mesmo/as.

Comportamento nas instalacións. O comportamento nas instalacións, deberá ser correcto, favorecendo en todo caso o labor dos/as empregados/as. O respecto a isto será en todo momento obrigado, atendendo correctamente as súas instrucións.

Vestimenta. A práctica deportiva, sexa a especialidade que sexa, realizarase co material e a vestimenta adecuada, non só en canto a uniformidade, senón en canto a protexer as condicións da instalación. Desta forma, haberá de coidar sobre todo o calzado. Deberán dispor dun calzado deportivo para uso exclusivo das instalacións. Os membros do equipo técnico (adestradores/as, delegado/as e persoal auxiliar) deberán respectar a norma anterior tanto nos adestramentos como nos encontros.

Reserva de Instalacións. A presentación de solicitudes para adestramentos durante a tempada deportiva deberá realizarse na propia instalación desde o día 1 ao 30 de xuño de cada ano, de modo que sexa incluído no correspondente plan de actividade da instalación. A empresa concesionaria deberá reservar para este uso 6 horas semanais. O horario deberá ser acordado co Concello.

Tempada deportiva. A tempada deportiva enténdese desde o mes de setembro ao de xuño do ano seguinte, ambos inclusive.

Información requirida do solicitante. Na solicitude deberá constar información sobre o grupo solicitante; dirección, teléfono, responsable, actividade deportiva a desenvolver, categoría, número de usuarios/as, etc.

Criterios técnicos. Permitirase a utilización das instalacións a clubs, federacións, agrupacións asociacións e entidades, de acordo cos criterios técnicos da empresa concesionaria á vista das solicitudes presentadas, sendo algúns destes criterios.

- Que estean situados ou relacionados coa zona de influencia da instalación.
- Que sexan grupos estables, como medio de favorecer o asociacionismo deportivo, fronte a grupos informais, inestables e faltos de estrutura.
- Atenderase á categoría e número de equipos do club, así como o número de participantes en cada actividade.
- Que colaboren cos intereses da zona.

Cambio de datos. A partir do outorgamento do permiso de utilización das instalacións deportivas, todos os cambios producidos en relación cos datos da inscrición, deberán ser comunicados por escrito á empresa concesionaria.

Calendarios de competicións. Coa finalidade de garantir un adecuado servizo aos usuarios/as, recoméndase enviar un calendario anual de actividades antes do inicio da tempada deportiva. A empresa concesionaria resérvase o dereito de modificar estes calendarios, debendo, en tal caso, comunicar por escrito ao Concello tal circunstancia.

Competicións oficiais. As competicións oficiais que se desenvolvan nas instalacións do Concello polos equipos pertencentes a Clubs do lugar, están exentas de tarifa de uso, exceptuándose os seguintes casos:

- Nos casos que se precise montaxe ou traballos preparativos extras.
- Se realízase cobro de entrada.
- Sexa con motivo da non dispoñibilidade de espazo.

5.3.8. Normativa aluguer.

O aluguer de pistas ou canchas deportivas faranse persoalmente polo/a interesado/a na recepción da instalación, aboando o prezo establecido.

Cada usuario/a, aboado/a ou non aboado/a, poderá alugar como máximo unha cancha ou pista deportiva por unha hora semanal, salvo que o servizo permitise unha maior utilización.

Cando se atopasen en mal estado a cancha ou pista deportiva ou o material a utilizar e iso fixese impracticable ou perigosa a práctica de calquera deporte, poderá a empresa concesionaria cambiar a hora de aluguer elixida polo/a usuario/a sempre que este/a manifeste a súa conformidade. En caso contrario perderá o aluguer realizado, con dereito a obter a devolución do prezo abonado.

Cando a un usuario se lle acabe a hora de utilización da cancha ou pista deportiva, e desexando continuar coa práctica do deporte, se atopase libre de aluguer dita cancha ou outra, poderá utilizar a mesma previo pago do prezo establecido.

As reservas das instalacións deportivas para clubs e asociacións, realizaranse coa antelación necesaria. Os días e horas de reserva estableceranse en función das necesidades dos demais grupos e usuarios individuais, previo informe vinculante do Concello.

O Concello, coa antelación suficiente e antes do inicio da tempada deportiva, comunicará á empresa concesionaria os días reservados para o Concello, para os cales non se poderán conceder reservas. As variacións deste primeiro comunicado deberanse realizar ao Adxudicatario da instalación cun mínimo de 7 días de antelación.

Establécense as seguintes clases de aluguer para o uso das instalacións deportivas, segundo categorías:

- Para aboados/as:
 - Poderán alugar calquera instalación ou cancha deportiva con 7 días e media hora de antelación á data prevista para reserva, como máximo. En calquera caso poderá realizarse o aluguer cando estea libre na hora anterior ao comezo da actividade.
 - Se realizará un aluguer por persoa cada vez que o soliciten, debendo en calquera caso volver ao comezo da cola se a houbera.
 - O aluguer poderá realizarse mediante persoa autorizada coa presentación do documento acreditativo da autorización do carné de aboado e DNI pasaporte, etc. ou a súa fotocopia.

- Para non aboados/as:
 - Poderá alugar a instalación que desexen cunha antelación máxima dun día, podendo facelo unha hora antes do inicio da práctica deportiva se estivera libre.
 - A reserva efectuada para clubs e asociacións poderá efectuarse, á parte dos períodos sinalados ao comezo da tempada, cunha anticipación de 7 días. Estas reservas especificarán a actividade a desenvolver, acompañando a documentación que acredite dita condición legal.

En calquera caso terán preferencia o aluguer efectuados polos/as usuarios/as -aboados/as.

No documento acreditativo da autorización virá reflectido o prezo aboadado, día, hora e instalación que se pretende reservar, podéndose variar a hora e día se a hora interesada estivese xa reservada.

Soamente poderá realizarse un aluguer como máximo por autorización.

En caso de presentarse 1/4 h. máis tarde á hora prevista no aluguer perderase a mesma sen dereito a reclamación do importe.

6. NORMATIVA SANCIONADORA

A empresa concesionaria e o Concello de Brión crearán unha Comisión de Seguimento da explotación. Estará constituída polas persoas descritas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Un dos seus labores será aplicar as sancións que considere oportunas a aqueles usuarios que infrinxan as normas. Considéranse faltas todas aquelas actuacións, por parte dos usuarios, que non respecten as normas de uso e funcionamento contidas neste regulamento e calquera outra aplicable a espazos de uso colectivo.

O persoal encargado da explotación da piscina, en ausencia de axentes da autoridade, poderá adoptar as medidas necesarias en orde á utilización da mesma, formulando, no seu caso, as denuncias pertinentes. A estes efectos, servirán de medio de proba as obtidas polo persoal do concesionario debidamente acreditado e cos medios previamente homologados pola Administración competente, así como calquera outro admitido en dereito.

En todo caso, a empresa concesionaria ten a potestade de expulsar a unha persoa e retirarlle o carné provisionalmente, ata que se aprobe a sanción, no caso dun comportamento grave.

As faltas/sancións dividiranse en:

a) Leves.

Enténdense como faltas leves aquelas derivadas dun comportamento irregular:

- Non traer o carné de forma reiterada.
- Fumar dentro da instalación.
- Non utilizar a vestimenta adecuada.
- Non respectar as normas de uso.

Ditas faltas levarán unha comunicación por escrito á persoa infractora.

b) Graves.

Enténdese como faltas graves:

- A reiteración de faltas leves (a partir da terceira poderase considerar falta grave).
- Faltas de respecto ao resto dos usuarios e/ou persoal da instalación.
- Vandalismo.
- A cesión do carné a outra persoa.

Ditas faltas levarán a suspensión do acceso á instalación por un espazo de entre 1 e 12 meses.

c) Moi graves.

Enténdese por faltas moi graves

- a reiteración de faltas graves (a partir da segunda poderase considerar falta moi grave).
- Aquelas faltas que impliquen actuacións xudiciais.

Ditas faltas levarán a prohibición de acceso á instalación por tempo indefinido.

Outras consideracións.

Os actos de vandalismo darán lugar á reparación, reposición e/ou abono dos danos ocasionados, sen menoscabo das sancións e actuacións xudiciais que se poidan levar a cabo.

En caso de usuario/as pertencentes a Clubs, tanto o/a delegado/a do equipo como o club serán responsables subsidiarios do comportamento dos seus deportistas.””

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxerencias. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que non votaremos a favor polo tema do horario porque non estamos de acordo, o resto do regulamento está ben.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que teño dúbidas co horario pero que supoño que poderá modificarse, supoño que non se será moi estricto na aplicación dos horarios polo concesionario.

O Sr. Alcalde sinala que o horario irá adaptando á demanda, que non haxa dúbida, e remata sinalando que os prezos son practicamente iguais que os de Ames.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta da Alcaldía ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e Mixto (1)(BNG).

Votos en contra:0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

3º) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA.

Dada conta da sentenza do Tribunal Supremo de data 24 de maio de 2011, recibida no Concello con data 7 de xuño de 2011, recaída no recurso de casación núm. 4084/2007 interposto polo Concello contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 29 de marzo de 2007 no recurso interposto pola Asociación Veciñal Torres de Altamira contra a resolución do Pleno deste Concello de data 26 de xuño de 2003 pola que se aproba o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello, cuxo fallo foi: “” Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Veciñal Torres de Altamira contra a resolución do Pleno do Concello de Brión de 26 de xuño de 2003, pola que se aproba definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Anulamos dita resolución por ser contraria a dereito no extremo relativo á ubicación dun parque empresarial e industrial no Monte de Perros, condenando ao Concello a que modifique a clasificación do solo da zona, clasificándoo como rústico de especial protección. Sen facer especial condena en custas.””, na que se falla: Que desestimando o motivo invocado, debemos declarar que non ha lugar ao recurso de casación interposto polo Concello de Brión, contra a sentenza de 29 de marzo de 2007, ditada pola sala do contencioso-administrativo (Sección Segunda) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en recurso contencioso-administrativo núm. 5077/2003. Con imposición das custas causadas no recurso á parte recorrente, co límite fixado no último fundamento desta resolución, por importe de 2.000,00 euros.

O Pleno queda enterado.

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2010.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de xuño de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión de data 22 de xuño de 2011, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por Secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2009 e o 31 de decembro de 2010, nos seguintes termos:

ALTAS

1. INMOBLES

1100068.- INSTALACIÓN DUN PARQUE INFANTIL NA RÚA TARRÍO, BRIÓN: Sobre a finca nº3, descrita neste epígrafe instalouse un parque infantil. A obra foi adxudicada por Resolución da Alcaldía do 13 de setembro de 2010 á empresa LAPPSET ESPAÑA, polo importe de 24.478,35 €, dos cales 8.237,14 están subvencionados polos fondos FEDER 2007-2013 e 3.530,20 € subvencionados pola Xunta.

VALOR..... 24.478,35 €

1100070.- En documento administrativo asinado o 24 de xuño de 2010, o Concello de Brión aceptou a cesión dunha porción de terreo de 247,58 m², pertencente á parcela de referencia catastral: 6349313NH2465S0001BG, doado por José Ramiro Campos Tembra e María del Carmen Fernández Pérez. O terreo está situado na Avd. de Noia, Os Ánxeles, solo clasificado como solo urbano consolidado. Linda: Norte: resto da finca matriz, Sur: estrada de Noia, Leste: Benigno Vázquez Couselo, Oeste: herdeiros de Francisco Vidal Pais. O terreo está destinado á construción, remodelación e reparación de beirarrúas, incluídas no proxecto do Plan Provincial de Obras e Servizos 2010.

VALOR.....17.330,00 €

1100071.- Parcela 1100, do polígono 4 de rústica, denominada Fonte Muíño, lugar de Forxán, Viceso, cunha superficie segundo catastro de 123,00 m². Foi comprada, segundo Resolución da Alcaldía do 05 de maio de 2010 a Francisco Sandá Oroña, mediante contrato de compravenda, por procedemento negociado pola idoneidade do ben. Sobre esta finca aséntase unha fosa séptica de augas residuais. Referencia catastral: 15013A004011000000UM.

VALOR..... 492,00 €

1100072.- Parcela 42, do polígono 31 de rústica, denominada A Devesa, lugar da Igrexa, Boullón, cunha superficie segundo catastro de 1853,00 m². Foi comprada, segundo Resolución da Alcaldía do 05 de maio de 2010 a José Sampedro Lois, mediante contrato de compravenda, por procedemento negociado pola idoneidade do ben. Referencia catastral: 15013A031000420000UW.

VALOR..... 1.850,64 €

1100073.- Parcela 877, do polígono 31 de rústica, denominada A Devesa, lugar da Igrexa, Boullón, cunha superficie segundo catastro de 500,00 m². Foi comprada, segundo Resolución da Alcaldía do 05 de maio de 2010 a José Sampedro Lois, mediante contrato de compravenda, por procedemento negociado pola idoneidade do ben. Referencia catastral: 15013A031008770000UG.

VALOR..... 499,36 €

1100074.- Parcela 1057. Adquirida mediante ocupación formal segundo acta de ocupación expedida o 15 de novembro de 2010 polo Concello de Brión, coa finalidade de construír sobre ela unha instalación deportiva (piscina cuberta). Parcela catastral nº 6559444NH2466S0001AO, de uso dotacional público deportivo. Paraxe denominada "Súa Horta". Superficie: 4.432,00 m². Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira, tomo 1473, libro 225, folio 180, alta 1.

Linda:

Norte: resto da finca matriz propiedade de don Fernando Suárez Castaño e dona Victoria Eugenia Castaño Vázquez (686),

Sur: parcela nº 618, parcela nº 688, regato en medio e parcela 690,

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria,

Oeste: resto de finca matriz propiedade de don Fernando Suárez Castaño e dona Victoria Eugenia Castaño Vázquez (686).

VALOR.....247.078,00 €

1100075.- Parcela 690 de concentración parcelaria de Brión. Adquirida mediante ocupación formal segundo acta de ocupación expedida o 15/11/2010 polo Concello de Brión, coa finalidade de construír sobre ela unha instalación deportiva (piscina cuberta). Parcela catastral nº 6559413NH2466S0001BO, de uso dotacional público deportivo. Paraxe denominada "Súa Horta". Superficie: 957,00 m². Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira, tomo 1508, libro 230, folio 11, alta 4.

Linda:

Norte: Manuel Victor Suárez Nimo (686)

Sur: Francisco Iglesias Fandiño (689)

Leste: camiño construído polo servizo

Oeste: Amalia Vilanova Piñeiro (688), regato en medio

VALOR.....53.235,00 €

1221007 Sobre a parcela descrita no epígrafe **1221007 NOVA CASA DO CONCELLO** instalouse un sistema de contenerización soterrado. As obras foron realizadas coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local, adxudicáronse mediante Resolución da Alcaldía do 31 marzo de 2010 á entidade Alcomte Galicia SL, por un importe de 62.604,77 € e foron recibidas polo concello o 30 de xuño de 2010.

VALOR..... 62.604,77€

1222015.- ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.- Realizáronse obras de mellora da impermeabilización da cuberta da gardería municipal de Brión, mediante contrato de obra menor adxudicado con data 26 de xullo de 2010 á empresa REDESYL S.L., por un importe de 13.817,33 €. Obras realizadas entre o 9 de agosto e 29 de agosto de 2010.

VALOR..... 13.817,33 €

1224006 TERREOS ADSCRITOS O CAMPO DE FUTBOL DE BASTAVALES

Parcela nº 115 do plano de concentración parcelaria de Bastavales, denominada "Fofio". Solo rústico, terreo dedicado a secano. Linda: Norte: zona excluída de concentración parcelaria, Sur: camiño de concentración parcelaria, Leste: M. Victorino Estevez Palomo (114), Oeste: servizo nacional de concentración parcelaria (116). Ten unha superficie de 2.595 m². Foi doada ó Concello a título gratuito pola Delegación Diocesana de Economía do Arcebispado de Santiago de Compostela e foi aceptada en Resolución da Alcaldía do 31 de marzo de 2010. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira ó tomo 506, libro 89, folio 155, finca 8937, 4ª anotación.

VALOR.....20.760,00 €

1224018 CAMPO DE FUTBOL DE BRION.- Instalación de marquesiña metálica para cubrición de graderío do campo de fútbol e construción de dous corpos de aseo.

A obra foi adxudicada o 10 de decembro de 2009 á entidade Alcomte Galicia SL, polo importe de 58.000,00 € e foron recibidas polo concello o 25 de maio de 2010.

VALOR..... 58.000,00 €

1741601 En sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o 04 de xullo de 2007 adoptouse o acordo de segregar a Parcela J nos seguintes termos:

Parcela J-2. Parcela con fronte a vía pública, nunha lonxitude de 18 metros lineais, e cun fondo de 40,00 metros lineais. A superficie da mesma é de 720 m². Parcela emprazada dentro do ámbito de solo urbanizable URB-1 e destinada a uso residencial, onde o Plan Parcial lle asigna a Ordenanza 2/ VU1. Vivenda unifamiliar illada ou adosada. Edificabilidade asignada: 818,00 m². Lindes: Norte: resto da parcela matriz (parcela J-1), Sur: Parcela VG4, destinada a espazos libres de sistemas xerais, Leste: rúa F nun fronte de 18 metros lineais, Oeste: parcela VG4, destinada a espazos libres de sistemas xerais. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira ó tomo 1558, libro 207, folio 39, finca 27939, 1ª anotación.

VALOR..... 197.956,00 €

Parcela J-1. Parcela con fronte á vía pública, superficie de 985 m². Clasificación urbanística: ámbito de solo urbanizable URB-1 e destinada a uso residencial, onde o Plan Parcial lle asigna a Ordenanza 2/ VU1. Vivenda unifamiliar illada ou adosada. Edificabilidade asignada: 1.025 m². Lindes:Norte: parcela I, propiedade de Manuel Suarez Vence, Sur: parcela segregada, denominada parcela J-2, propiedade do Concello de Brión, Leste: rúa F, Oeste: parcela VG4, destinada a espazos libres de sistemas xerais. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira ó tomo 1279, libro 197, folio 154, finca 27177, 2ª anotación.

VALOR..... 248.050,00 €

1221001.- SUPRESIÓN DAS BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.- No ano 2009 elimináronse as barreiras arquitectónicas no acceso á Casa do Concello e á Casa da Cultura, de acordo co Programa de eliminación de barreiras arquitectónicas 2008/2009. A obra foi adxudicada mediante Resolución da Alcaldía do 28 de setembro de 2009 á empresa Compañía Europea de Ingeniería Civil S.A. (INCISA) por un importe de 29.612,00 €.

VALOR..... 29.612,00 €

1221004 GARAXES-ALMACENS.- No ano 2010, fixéronse obras de mellora da eficiencia enerxética da nave de mantemento municipal. As obras consistiron na mellora das fachadas e da cuberta da nave, na mellora dos servizos de acometida e na construción dun aseo. As obras foron realizadas coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local, adxudicáronse mediante Resolución da Alcaldía do 22 de febreiro de 2010 á entidade Alcomte Galicia SL, por un importe de 46.760,31 € e foron recibidas polo concello o 21 de xuño de 2010.

VALOR..... 46.760,31 €

1221007 NOVA CASA DO CONCELLO.-

No ano 2008 adxudicóuselle a entidade Construtora Outón SLU a rehabilitación do edificio destinado a Casa do Concello, polo importe de 964.354,42 € As obras foron recibidas polo concello o 30 de xuño de 2010.

VALOR..... 964.354,42 €

No ano 2010 pavimentouse e acondicionouse a praza pública da nova Casa do Concello. As obras foron realizadas coas axudas do Plan Provincial de Obras e Servizos 2010 e

adjudicáronse á Construtora Outón SLU por resolución da alcaldía do 07 de xuño de 2010, por importe de 96.027,59 €. As obras foron recibidas con data 8 de outubro de 2010.

VALOR..... 96.027,59 €

1222007 COLEXIO DE EDUCACION INFANTIL E PRIMARIA DE BRION.- No ano 2010 reparáronse as pistas polideportivas do colexio, A reparación consistiu na substitución do recubrimento e mellora da evacuación das augas pluviais. As obras foron realizadas coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostibilidade Local, adjudicáronse mediante Resolución da Alcaldía do 22 de febreiro de 2010 á entidade Alcomte Galicia SL, por un importe de 44.983,59 € e foron recibidas polo concello o 24 de agosto de 2010.

VALOR..... 44.983,59 €

1222016 ANTIGA CAMARA AGRARIA.- Sobre a parcela descrita neste epígrafe instaláronse 6 aparellos biosaludables. A obra foi adjudicada por Resolución da Alcaldía do 16 de setembro de 2010 á empresa GRUPO EXDEGA S.L., polo importe de 8.827,58 €

VALOR..... 8.827,58 €

1223111 SANEAMENTO EN CANTELAR, LAGO E CABANAS.- Esta rede de servizos de saneamento foi subvencionada coas axudas do Plan Provincial de Cooperación 2008/2011. A obra realizouse por administración directa do Concello, foi adjudicada o 27 de marzo de 2009 por un importe de 375.056,93 €. As obras foron recibidas polo concello o 25 de maio de 2010.

VALOR..... 375.056,93 €

1223112 SANEAMENTO EN GOSENDE, SAIME E SOUTO.- Esta rede de servizos de saneamento foi subvencionada coas axudas do Plan Provincial de Cooperación 2008/2011. A obra realizouse por administración directa do Concello, foi adjudicada o 23 de novembro de 2009 por un importe de 176.074,23 €. As obras foron recibidas polo concello o 16 de xuño de 2010.

VALOR..... 176.074,23 €

12231216 GRUPO DE PRESION EN REBOREDO GRANDE E BALIÑO.- O grupo de presión colocouse coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostibilidade Local. Estas obras foron adjudicadas polo procedemento de contrato menor á empresa Espina e Delfín S.L., con data 24 de febreiro de 2010 e foron recibidas polo concello o 18 de maio de 2010.

VALOR..... 22.866,79 €

12231217 SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGAS EN ADOUFE, VILAS E GUNDÍN. Esta rede de saneamento e abastecemento foi adjudicada pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos á UTE Explotaciones Gallegas S.L. e Atlántica de Construcciones y Medio Ambiente S.L. o 17 de abril de 2008. Estas obras foron recibidas polo concello o 21 de maio de 2010.

VALOR..... 467.600,00 €

12231301 SANEAMENTO EN REBOREDO PEQUENO.- Colocáronse 355 m de tubería de PVC de 315 mm e 14 pozos de rexistro. Esta rede de servizos de saneamento realizouse coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostibilidade Local. A obra de "Saneamento en Reboredo

Pequeno” foi adxudicada o 22 de febreiro de 2010 á empresa Alcomte Galicia S.L., por un importe de 32.793,51 € e foron recibidas polo concello o 31 de marzo de 2010.

VALOR..... 32.793,51 €

12231604 SANEAMENTO EN ARDIÓNS.- Colocáronse 785,60 m de tubería de PVC de 315 mm e 12 pozos de rexistro. Esta rede de servizos de saneamento realizouse coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local. A obra de “Saneamento en Ardións” foi adxudicada o 24 de febreiro de 2010 á empresa Espina e Delfín SL, por un importe de 50.298,56 € e foron recibidas polo concello o 14 de abril de 2010.

VALOR.....50.298,56 €

12231606 SANEAMENTO EN NINANS.- Colocáronse 721 m de tubería de PVC de 315 mm e 22 pozos de rexistro.

Esta rede de servizos de saneamento realizouse coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local. A obra de “Saneamento en Nináns” foi adxudicada o 31 de marzo de 2010 á empresa Alcomte Galicia SL, por un importe de 138.847,23 € e foron recibidas polo concello o 6 de outubro de 2010.

VALOR.....138.847,23 €

12231607 SANEAMENTO EN MOLDES.- Colocáronse 357 m de tubería de PVC de 315 mm e 21 pozos de rexistro. Esta rede de servizos de saneamento realizouse coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local. A obra de “Saneamento e depuración en Moldes” foi adxudicada o 22 de febreiro de 2010 á empresa Alcomte Galicia S.L., por un importe de 44.530,42 € e foron recibidas polo concello o 5 de maio de 2010.

VALOR.....44.530,42 €

1223102 SANEAMENTO EN ALFONSIN.- Colocáronse 674 m. de tubería de PVC de 315 mm e 27 pozos de rexistro. Esta rede de servizos de saneamento realizouse coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local. A obra de “Saneamento en Alfonsín” foi adxudicada o 31 de marzo de 2010 á empresa Alcomte Galicia S.L., por un importe de 66.803,19 € e foron recibidas polo concello o 6 de outubro de 2010.

VALOR..... 66.803,19 €

1223103 SANEAMENTO E DEPURACION EN BUSTO DE FRADES.- Colocáronse 806 m. de tubería de PVC de 315 mm , 14 pozos de rexistro e unha estación depuradora.

Esta rede de servizos de saneamento realizouse coas axudas do Fondo Estatal para o Emprego e Sostenibilidade Local. A obra de “Saneamento e Depuración en Busto de Frades” foi adxudicada o 31 de marzo de 2010 á empresa Alcomte Galicia SL, por un importe de 72.236,42 € e foron recibidas polo concello o 30 de xuño de 2010.

VALOR..... 72.236,42 €

12231904 SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO DE DE VARIOS NUCLEOS EN VICESO.-

Colocáronse 2019 metros de tubería de PVC de 315 mm e 47 pozos de rexistro.

Esta rede de saneamento foi adxudicada á empresa UTE Explotaciones Gallegas S.L. y Atlántica de Construcción y Medio Ambiente S.L. el 17 de abril de 2008. As obras foron recibidas polo concello o 21 de xuño de 2010.

VALOR..... 456.850,00 €

Vehículos

TRACTOR marca Same modelo Silver 100.6 VDT, con desbrozadora modelo TD-180, matrícula E5523BBD. Adquirido no ano 2010 á empresa Maquinaria Agrícola del Noroeste S.L. por importe de 20.000,00 €

VALOR:.....20.000,00 €

TRACTOR marca John Deere, modelo Gator HPX, matrícula E1427BFV. Adquirido no ano 2010 á empresa Maquinaria Agrícola del Noroeste S.L. por importe de 19.221,02 €

VALOR:.....19.221,02 €

SEGADORA TRITURADORA marca John Deere, matrícula E1426BFV. Adquirido no ano 2010 á empresa Maquinaria Agrícola del Noroeste S.L. por importe de 19.612,78 €

VALOR:.....19.612,78 €

Mobles**CASA DO CONCELLO****REXISTRO PRINCIPAL**

Mostrador modelo ofimat acabado gris/blanco: 741,75 €

Mesa normal acabado gris e blanco roto: 101,80 €

3 estanterías altas acabado blanco roto portas baixas madeira, altas vidro: 796,50 € (265,50 €/und)

3 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 531,00 € (177,00 €/und).

Disco duro externo: 79,00 €

Copiadora INEO + 452 con alimentador: 2.330,16 €

Servidor ML e disco HP: 870,00 €

OFICINA PADRÓN DE HABITANTES

1 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 177,00 €

2 sillas confidentes acabado bali: 90,00 € (45,00€/und)

1 estanteria alta acabado gris, portas de madeira: 211,50 €

OFICINA ARQUITECTO

1 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 177,00 €
2 sillas confidentes acabado bali: 90,00 € (45,00€/und)
1 mesa con ala dereita acabado gris: 120,75 €
1 mesa con ala esquerda acabado gris: 120,75 €

OFICINA APAREJADORA

1 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 177,00 €
4 sillas confidentes acabado bali: 180,00 € (45,00€/und)

OFICINA ORIENTADORA LABORAL

1 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 177,00 €
2 sillas confidentes acabado bali: 90,00 € (45,00€/und)
1 estanteria alta acabado gris, portas de madeira: 211,50 €
1 ordenador E5500 home premium: 649,00 €

OFICINA SERVICIOS XURÍDICOS

1 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 177,00 €

ALCALDIA

1 mesa modelo vital acabado wengué + cromado: 463,50 €
1 sillón modelo manager acabado semipel cor negro: 272,25 €
2 confidentes modelo manager acabado semipel cor negro: 388,50 € (194,25 €/und)
1 mesa reunión modelo vital acabado wengué + cromo: 291,00 €
4 sillas mesa reunión modelo elia cor negro: 453,00 € (113,25 €/und)
1 estantería media acabado wengué portas de cristal: 557,25 €
1 estante de vidro: 170,00 €

REXISTRO PLANTA ALTA

1 mostrador cor gris: 261,86 €
4 estanterías baixas acabado gris portas baixas vidro: 569,88 € (142,47 €/und)
2 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 354,00 € (177,00 €/und)
1 ordenador E5500 home premium: 649,00 €
1 ordenador E5500 home premium: 649,00 €

OFICINA DE INTERVENCIÓN

Mesa con ala acabado gris: 120,75 €
3 estanterias altas acabado gris, portas de madeira: 634,50 € (211,50 €/und)
1 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 177,00 €
2 sillas confidentes acabado bali: 90,00 € (45,00€/und)
1 ordenador E5500 home premium: 649,00 €

OFICINA AUXILIAR INTERVENCION-SECRETARIA

2 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 354,00 € (177,00 €/und)
1 ordenador E5500 home premium: 649,00 €
1 ordenador E5500 home premium: 649,00 €

OFICINA DE TESOURERÍA

- 1 mesa c/ala acabado en gris: 120,75 €
- 2 estanterías altas acabado gris portas madeira: 423,00 € (211,50 €/und)
- 1 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 177,00 €
- 2 sillas confidentes acabado bali: 90,00 € (45,00€/und)

OFICINA DE PERSOAL

- Mesa con ala acabado gris: 120,75 €
- 3 estanterias altas acabado gris, portas de madeira: 634,50 € (211,50 €/und)
- 1 sillas con rodas e brazos modelo nova acabado bali: 177,00 €
- 2 sillas confidentes acabado bali: 90,00 € (45,00€/und)

SALA DE XUNTAS

- 6 sillas modelo anubis cor negro: 706,50 € (117,75 €/und)

SALÓN DE PLENOS

- Mesa (7 unidades): 792,00 €
- 15 sillas alcalde e concelleiros cor negro: 1766,25 € (117,75 €/und)
- 38 sillas cor madeira: 2.394,00 € (63,00 €/und)

ESCOLA DE MUSICA

- 1 cobrat trompa doble: 390,00 €
- 1 clarinete bernanrd: 135,00 €

POLICIA LOCAL

- 1 etilómetro: 849,70 €

ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.-

- 3 protectores radiadores: 698,80 (232,93 €/und)
- Espendedor de papel: 35,00 €
- Espendedor de papel: 35,00 €
- Espendedor de papel: 35,00 €
- 1 radiocasete Grunding: 55,00 €
- 1 percheiro 8 colgadores plásticos: 21,20 €
- 3 hamacas extra: 196,26 € (65,42 €/und)
- 3 camiadores bebes foam estandar: 129,92 € (43,31 €/und)
- 1 silla nido: 21,89 €
- Colchoneta azul: 122,12 €
- Lavavaixelas edesa: 360,01 €
- Teléfono inalámbrico panasonic azul: 25,90 €

CASA DA CULTURA

- Armario alto c/estantes acabado en madeira: 233,35 €

Armario medio diáfano c/estantes: 178,47 €
Cadena musical sony: 249,00 €

PROTECCIÓN CIVIL

Cortacespede Husquarna modelo Twin: 4.608,68 €
Cortasetos profesional: 495,32 €
Bomba monofásica con placas rectangulares: 882,76 €
Disco duro externo: 79,00 €
Cargador multiple VAC-1810C: 477,31 €

CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

2 Dvd toshiba con DIVX progressive: 98,01 €
Ordenador emachines E1600: 470,00 €
Radio cassette sony CD compacto: 89,90 €
Altavoces fonestar: 499,00 €

TELECENTRO

Ordenador Atom, monitor ACER, teclado e rato: 256,00 €

BAIXAS

ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO

3 percheros de 8 colgadores de plástico de 120x12x2 cm: 84,01 €
1 sillón lactancia 70x70x70 cm: 180,87 €
camara de fotos canon: 92,80 €
1 radio casete sanyo: 52,20 €
1 microondas orbegozo 1711: 56,84 €
1 colector de pañales de 39x39x67 cm: 81,50 €
1 percheiro de 8 colgadores: 27,53 €
Visillos con raias bicolor: 119,71 €
1 teléfono inalámbrico: 39,90 €
3 automóbliés andadores: 131,07 € (39,60 €/und)

GARAXE-ALMACÉN

Unha máquina multcopista marca Ideal, nº de fabricación 20.897 moi usada. 10.000 pts: 60,10 €

Rozadora de man STIHL FS 280 con equipo matogueiras e autocut, 105.000 pts: 631,06 €

Frigorífico para acampadas Super-ser, adquirido en 1996. 59.900 pts: 360,00 €

10 papeleiras din 50 beige. 58.000 pts: 348,59 €

Compresor Centro 3 cv. Con martol neumático para aburxardado, pistola sagola, adquirido en 2001. 157.412 pts: 946,06 €

RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2010

Altas no ano 2010 4.135.228,57 €

Baixas no ano 20103.212,24 €

Inventario a 31.12.2009 27.677.895,55 €

Inventario a 31.12.2010 31.809.911,88 €

2º) Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta da Alcaldía ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor:12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE(8), PP(3) e Mixto(1)(BNG).

Votos en contra:0.

Abstencións:0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.